

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000009.

Excma. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércores, día 23 de febreiro de 2022, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN E CAMBIO DE USO DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL EN ROADE-TEIXEIRO (exp. 2021/Y001/000251).
2. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE SOPORTAL EN VIVENDA UNIFAMILIAR NO NÚCLEO RURAL TRADICIONAL DE REGO DO ESPÍÑO, NÚMERO 23, PARROQUIA DE PIÚGOS (exp. 2021/Y001/000264).
3. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NA URBANIZACIÓN SECTOR NORTE I, PARCELA 5A (exp. 11/19).
4. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR NA ESQUINA RÚA TORRÓN CON RÚA BUSTELO (exp. 29/19).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

5. CONTRATACION DO ALUGAMENTO DE TRES VIVENDAS QUE CONTAN CON ADAPTACIÓNS TÉCNICAS PARA SEREN UTILIZADAS POR PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA. APROBACIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN, EXP. 2021/C005/000018.
6. CONTRATACIÓN DA PRESTACION DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA “NOVO ANTONIO GANDÓY” DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES, EXP. REF.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3247081833907069847.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-2-2022

2021/C003/000037. ADXUDICACIÓN.

7. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSE NAS INSTALACIÓNS DE TITULARIDADE MUNICIPAL E DESINFECCIÓN, DESINSECTACIÓN E DESRATIZACIÓN NO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2022/C003/000004.

8. CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE APERTURA E ATENCIÓN AO PÚBLICO DA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO, DOS CENTROS MUSEOGRÁFICOS MUNICIPAIS “CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA, MUSEO INTERACTIVO DA HISTORIA DE LUGO, DOMUS DOS MOSAICOS, SALA DE EXPOSICIÓNS PORTA MIÑÁ E CENTRO ARQUEOLÓXICO DE SAN ROQUE” E O PUNTO DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE VERÁN (EXP. REF. 2018-16- TECOL 2020/C003/000070) 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 01/04/2022 E O 31/03/2023.

9. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN INTEGRAL DAS ÁREAS DE XOGOS INFANTÍS EXISTENTES NOS PARQUES, XARDÍNS E ZONAS VERDES PÚBLICAS MUNICIPAIS DA CIDADE DE LUGO (EXP. REF. 2-2016) (TECOL 2020/C003/000036). 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 3/01/2022 AO 2/01/2023.

10. CONTRATACIÓN - MEDIANTE DOUS LOTES - DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO E CONSERVACIÓN DAS ACTUACIÓNS ENMARCADAS NO PLAN DE EMBELECIMENTO DA CIUDADE A TRAVÉS DA ESTRATEXÍA DUSI DENOMINADA “DE LA MURALLA AL MIÑO-MURAMIÑAE” CO COFINANCIAMENTO DO 80% DA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL. CONTRATO RESERVADO A CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL E A EMPRESAS DE INSERCIÓN, EXP. REF. 2021-C003-000043. ADXUDICACIÓN.

11. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DEZ MARQUESIÑAS, EXP. REF. 2021-C004-000039. RECURSO DE REPOSICION. DESESTIMACIÓN.

PERSOAL

12. INFORME PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA A BAREMACIÓN DEFINITIVA DO CONCURSO PARA XEFES DE SERVIZO.

13. INGRESO Á CATEGORÍA DE POLICÍA DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL.

14. PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A DÚAS PRAZAS DE ARQUITECTO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2018).

15. PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE (OPE 2017).

16. RECURSO DE REPOSICIÓN FRONTE Á ADXUDICACIÓN DA XEFATURA DE SERVIZO DE CONTROL FINANCEIRO.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión o Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,